



*Revista Galega
do Ensino*

Ano 13 • 2ª época • Nº 46 • Xullo 2005

Datos biográficos

RGE



Ano 13 • 2ª época • Nº 46 • Xullo 2005

Datos biográficos

CURRÍCULUM

José Manuel Touriñán López

É licenciado e Doutor en Pedagogía pola Universidade Complutense de Madrid e Catedrático de Universidade na USC dende 1988.

Visitou universidades de Europa, América e China. Recibiu distincións, mencións de honra e premios académicos e de investigación. Está en posesión da Insignia de ouro da Universidade de Santiago de Compostela (1998), a Medalla de prata de Galicia (1998) e a Insignia de ouro da Universidade da Coruña (2000). É profesor honorario da Universidade de Bos Aires (1993).

Publicou artigos e libros (máis de 150 artigos en publicacións especializadas e 15 libros en editoriais con ISBN) sobre as seguintes liñas: fins, valores, sistemas educativos e redes; coñecemento da educación, explicación da intervención e análise de procesos; desenvolvemento profesional de funcións pedagóxicas, xestión de calidade, xestión de recursos e política científica.

Desenvolveu cargos académicos na Universidade. No período 1990-1997 ocupou o cargo de Director de universidades e investigación na Administración Educativa de Galicia e o de Director xerente da Fundación Caixa Galicia entre 1999 e 2002.

Colaborou en proxectos de planificación universitaria, de coordinación da política científica, de creación de redes e de organización e xestión de eventos científico-culturais de carácter institucional no eido autonómico e nacional.

Avaliador-auditor de programas universitarios, proxectos de investigación e publicacións científicas en organismos oficiais e revistas profesionais. Vogal e membro de diversas asociacións nacionais e internacionais de carácter académico e profesional relacionadas coa educación. Director de proxectos de investigación. Membro de consellos editoriais e Director da Revista Galega do Ensino.

É representante institucional da USC en ATEI e asesor de cooperación científica do Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana (IGACI).

CURRÍCULUM

Francisco Altarejos Masota

Catedrático de Filosofía de la Educación, é tamén profesor ordinario do Departamento de Educación da Universidade de Navarra e Director do Programa de Doutoramento.

Ten publicados, entre outros, os volumes: Educación y felicidad. Pamplona, Eunsa. 1983 (2ª ed. 1986); Ética docente (coautores: J. A. Ibáñez-Martín, J. A. Jordán, G. Jover). Barcelona, Ariel. 1998; Dimensión ética de la educación. Pamplona, Eunsa. 1999 (2ª ed. 2002); Tres reflexiones sobre sec-

tas (coautores: A. Polaino-Lorente, E. López Escobar) Cuadernos del Instituto Martín de Azpilicueta, Pamplona, 1999; Filosofía de la Educación (coautora C. Naval Durán) Pamplona, Eunsa 2000; Pensar la sociedad (coautores: A. Rodríguez Sedano e C. Parra) Pamplona, Eunsa, 2001 (2ª ed. 2003); Retos educativos de la globalización (coautores: A. Rodríguez Sedano e J. Fontrodona), Pamplona, Eunsa, 2003.

CURRÍCULUM

Concepción Naval Durán

Doutora en Ciencias da Educación pola Universidade de Navarra (1989).

Profesora de Teoría de la Educación na Universidade de Navarra dende 1993. De 1996 a 2001 dirixiu o Departamento de Educación. Foi subdirectora do Instituto de Ciencias para la Familia. No 2001 é nomeada Vicerreitora de Infraestructuras e Innovación educativa desta Universidade.

Bolseira predoutoral do Programa de Formación de Personal Investigador do MEC e posdoutoral da Fulbright Commission e de Caja Madrid.

Visiting Scholar Research da Universidade de Harvard, Notre Dame, Indiana, Oficina Internacional de la Educación, UNESCO, Ginebra e Boston University, profesora convidada na Universidad Panamericana de México, foi, así mesmo, Fellow do Salzburg Seminar.

Membro fundador da rede «Politeia. Network for Citizenship and Democracy in Europe» (rede europea para a promoción da educación cívica e a participación social).

Dirixe o Consello Editorial da revista Estudios sobre educación dende o seu comezo, no 2001. É tamén membro do Editorial Board del Journal of Social Sciences Education e do International Journal of Citizenship and Teacher Education.

Autora de varios libros: Educación, Retórica y Poética (1993), Enseñanza y comunicación (1995), Educar ciudadanos (2000, 2ª ed.), Confiar. Cuna de la sociabilidad humana (2001), coautora de Filosofía de la educación (2000, 2ª ed. 2004), Gerontología educativa (2001), La educación cívica hoy. Una aproximación interdisciplinar (2000), Una voz diferente en la educación moral (2001), Nuevos horizontes en la educación (2001), Imaginar futuros compartidos (2001), Participar en la sociedad civil (2002), Impacto de las tecnologías de la comunicación en la juventud navarra 2001 (2002), Filosofía dell'educazione (2003), Impacto de las tecnologías de la información y la comunicación en las relaciones sociales de los jóvenes navarros (2003) e de máis de setenta capítulos de libros e artigos en revistas especializadas nacionais e estranxeiras.

As súas investigacións en marcha oriéntanse cara ao estudo dos fundamentos da educación para a cidadanía e a participación social, o impacto das tecnoloxías da información e da comunicación na sociabilidade dos rapaces, e á innovación educativa na Universidade.

CURRÍCULUM

Pedro Ortega Ruiz

Catedrático de Teoría e Historia da Educación da Universidade de Murcia. Publicou numerosos traballos en revistas científicas españolas e estranxeiras. Os seus libros máis recentes son Los valores en la educación (2001), La educación moral del ciudadano de hoy (2001), Conflicto en las aulas (2003).

Profesor convidado de universidades e grupos de investigación estranxeiros. Os seus intereses investigadores céntranse actualmente na educación intercultural, educación familiar e educación moral.

CURRÍCULUM

Ramón Mínguez Vallejos

Profesor titular da Universidade de Murcia. Colaborou en diversos proxectos de investigación relacionados coas seguintes áreas temáticas: educación de actitudes e valores, prevención da violencia e resolución de conflitos, educación moral e educación intercultural.

Publicou varios artigos e libros, entre os que destacan: *Conflicto en las aulas* (2003, Ed. Ariel), *Los valores en la educación* (2001, Ed. Ariel), *La educación moral del ciudadano de hoy* (2001, Ed. Paidós). Na actualidade colabora en proxectos de investigación relacionados cos axentes de formación de medicina familiar e comunitaria.

CURRÍCULUM

Susana Vázquez Pérez

Licenciada en Psicopedagogía pola Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela no 2002. Realizou a súa Memoria de Licenciatura no Departamento de Teoría e Historia da Educación na Facultade de Ciencias da Educación (USC) no curso 2002-2003 e o Doutoramento no devandito Departamento e Facultade compostelá no bienio 2003-2005.

Coautora da comunicación “El prácticum en pedagogía: una ocasión para el desarrollo de competencias personales y profesionales”, en Iglesias, M^a Lina e Zabalza, M. A. (Coords.), *Desarrollo de competencias personales y profesionales en el prácticum*, Unicopia, Lugo, 2001, pp. 97-99; é tamén coautora do capítulo “Sobre la profesionalización docente”, en Vez, J. M., Fernández Tilve, M^a D. e Pérez Domínguez, S. (Coords.), *Políticas educativas na dimensión europea. Interrogantes e reflexións no umbral do terceiro milenio*, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 2002, pp. 132-143.

Foi membro do comité organizador do “Foro Europeo Educación Tercer Milenio. Políticas educativas en la dimensión europea de cara al tercer milenio”. USC, outubro 2000-xullo 2001 e do “Congreso hispano-luso de literatura infantil e xuvenil. Narrativa e promoción da lectura no mundo das novas tecnoloxías”. Santiago de Compostela, 17-20 de setembro de 2002.

Participou na “I Edición de la Liga de Debate Universitario”. Madrid. Foi membro dun equipo representante da USC galardoado co terceiro premio de oratoria (marzo-maio de 2000); na “II Edición de la Liga de Debate Universitario”. Salamanca. Participou nun equipo representante da USC, elixido logo para asistir ao I Torneo Hispanoamericano. (marzo-abril de 2001); no “I Torneo Hispanoamericano de Debate Competitivo”. Santiago de Chile. Resultaron subcampións do certame (maio de 2001); na “III Edición de la Liga de Debate Universitario”. Madrid. Formou parte dun equipo representante da USC, acadando a quinta posición na clasificación final (maio de 2002).

Colaborou en calidade de redactora na realización do Informe de Lingua e Literatura Galega 2001, Informe de Lingua e Literatura Galega 2002 e Informe de Lingua e Literatura Galega 2003 do Centro de Investigación Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (USC).

CURRÍCULUM

Antonio Vara Coomonte

Profesor titular no Departamento de Teoría e Historia da Educación da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 1981.

Durante o curso 1983, foi bolseiro pola Comisión Mixta Hispano-Francesa, formouse en L'École des Hautes Études en Sciences Sociales de París, sendo o seu titor Pierre Bourdieu.

Entre as súas publicacións máis recentes sobresaen "Sociología de la educación", en Enciclopedia de Pedagogía, vol. V, Espasa, Madrid 2002.

Foi director de dous Proxectos de I + D financiados en convocatorias públicas. O primeiro titulado Aspiración ou éxito na vida e estudos universitarios elixidos: constatación dos factores que contribúen a triunfar na vida segundo os universitarios galegos foi financiado pola Xunta de Galicia no período 1997-2000.

O segundo proxecto, de título Autoconcepto de estudios y profesiones de los alumnos matriculados en el ámbito de las Ciencias de la Educación en la Universidad de Santiago de Compostela, y en otras Universidades de Galicia, y en las Universidades Complutense de Madrid, de Salamanca, y privada de Salamanca foi financiado polo Programa de Estudios y Análisis de la Dirección General de Universidades del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte no ano 2003.

Entre os últimos libros relacionados coa temática do traballo agora publicado, sobresaen: M^a Montserrat Castro Rodríguez e Antonio Vara Coomonte: "Sistema de valores y sentimiento de éxito en la vida de los alumnos de Educación Social de la Universidad de Santiago de Compostela", en Comunicaciones al V Congreso Internacional de Filosofía de la Educación, Dykinson, Madrid 2005, pp. 355-365.

CURRÍCULUM

Montserrat Castro Rodríguez

Diplomada en Maxisterio pola Universidade de Santiago (especialidade de Filoloxía Inglesa) no ano 1991, licenciase en CC. da Educación (Sección de Pedagogía) en 1994.

No período 1992-1994 goza dunha bolsa de colaboración no Departamento de Didáctica e Organización Escolar en 4º e 5º.

Realiza os cursos de doutoramento no Departamento. de Teoría e Historia de Educación no programa "Reforma Educativa" (1995-1997).

É bolseira de 3º Ciclo entre 1995 e 1997 e bolseira predoutoral da Xunta de Galicia no 1997-1998. No ano 1998 accede ao corpo de Mestres de Educación Primaria pola Especialidade de inglés, onde exerce como propietaria provisional durante catro cursos.

Defende no 2000 a Memoria de Licenciatura Perfil do alumnado de Educación Social, obtendo o Premio Extraordinario da USC.

Entre o curso 2002 e 2004 é propietaria definitiva de Pedagogía Terapéutica no CEIP Serra de Outes. Defende a Tese de doutoramento Condicións e expectativas do alumno da diplomatura de Educación Social e avaliación que fan dos seus estudos (2004).

Algunhas das súas publicacións son: As Pontes: Un concello na procura da súa identidade histórica. Elementos pedagóxicos para a súa identificación; Roteiros pola Vila das Pontes; As Pontes: Un exemplo de desenvolvemento económico e industrial. Medios e recursos para unha intervención socioeducativa no concello; Estudio socioeducativo do concello de Boiro. Mapa Escolar, 1992-1996; A electricidade en Galicia: dende as centrais térmicas, hidroeléctricas e eólicas ata os nosos fogares. Unha proposta para os alumnos de Ensinanza Secundaria; Roteiro polas centrais produtoras de enerxía eléctrica de Galicia; Industrialización, cultura e identidade en Galicia a través de imaxes. Claves para a interpretación na escola; Centro Galego de Porto Rico.

CURRÍCULUM

Miguel Anxo Álvarez González

É xerontólogo, membro da Sociedade Española de Geriatría y Gerontología, membro da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría e da Asociación de Titulados en Psicoloxía da Actividade Física e do Deporte. Posúe una ampla formación no eido da Terceira Idade. É Máster en Xerontología e Atención á Terceira Idade (Área da Saúde), Máster e Especialista en Psicología da Actividade Física e o Deporte, experto en Intervención en Calidade de Vida en Persoas Maiores, experto en Xerontología, etc., titulacións, todas obtidas, pola UNED.

É autor de numerosas publicacións en Congresos e diferentes foros destacando polas súas aportacións sobre a implicación das actividades de orientación no espazo en diversas facetas da calidade de vida dos maiores; o Estudo “Vila de Ponte Caldelas” forma parte dunha teoría de maior amplitude na que o autor traballa dende o ano 2001, trátase dun Programa de Adestramento de Memoria Multifactorial para Persoas Maiores, no que as actividades de orientación no espazo xogan un destacado papel.

Na actualidade é colaborador e asesor en materia de Xerontología coa Concellería de Servizos, Sanidade e Consumo do concello de Pontevedra; profesor no Hospital Miguel Domínguez de Pontevedra no Departamento de Formación (Área de Xerontoloxía); director do Programa de Avaliación e Adestramento de Memoria “Concello de Cotobade”; director dos Talleres de Calidade de Vida, para persoas maiores del concello de Ponte Caldelas; director do Programa de Estimulación Cognitiva na Residencia Virgen del Camino de Pontevedra.